



Resolución da Axencia Galega de Infraestructuras pola que se aproba o expediente de información pública e o proxecto de construción do Itinerario peonil e ciclista na AC-163 en Fontán (PQ. 1+280-1+840) e AC-182. Treito: Mandín-As Torres (PQ. 2+460-2+860)", de clave: AC/16/094.06.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Con data do 6 de setembro de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia (núm. 170) o Anuncio do 29 de agosto de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción: "Itinerario peonil e ciclista na AC-163 en Fontán (PQ. 1+280-1+840) e AC-182. Treito: Mandín-As Torres (PQ. 2+460-2+860)", de clave: AC/16/094.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. Durante todo o trámite de información pública presentouse un informe e certificados, procedéndose á súa valoración.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e aos efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de Expropiación Forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tras el informe e os certificados presentados,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción do "Itinerario peonil e ciclista na AC-163 en Fontán (PQ. 1+280-1+840) e AC-182. Treito: Mandín-As Torres (PQ. 2+460-2+860)", de clave: AC/16/094.06, mantendo o trazado proposto como definitivo.



Segundo. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Sada deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no que se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben recurso potestativo de reposición ante a Conselleira de Infraestructuras e Vivenda no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019.

A Conselleira de Infraestructuras e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestructuras

Francisco Menéndez Iglesias

